

PLAN DIXITAL



[Outubro 2023]

Índice

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES AS Fontiñas

Dirección: Rúa Estocolmo 5, 15707, Santiago de Compostela

Correo: ies.as.fontinas@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesasfontinas>

Etapas educativas:

Bacharelato, FP básica, Ciclos FP medio (CM de xestión administrativa) e superior (CS de administración e finanzas, CS secretariado, CS proxectos de edificación, CS proxectos de obra civil, CM de escavacións e sondaxes)

Nº de alumnado: 600

Nº profesorado: 59

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O IES As Fontiñas é un centro público que está situado en Santiago de Compostela, nun barrio construído na década de 1990 na proximidade da Avenida de Lugo e do núcleo de San Lázaro. O centro iniciou a súa actividade no curso 1991-1992. Daquela no centro impartíanse as ensinanzas propias da formación profesional de primeiro e segundo grao, correspondentes ás ramas administrativa e comercial e delineación. O centro conta, ademais, con dinamizadores da zona como son algúns servizos administrativos da Xunta de Galicia (consellerías, meteogalicia, ...) e dous centros comerciais: Área Central e As Cancelas.
- O alumnado que cursa ciclos formativos procede das poboacións periféricas, e nunha gran parte de fora do Concello, desprazándose dende lugares situados a máis de 40 km. O alumnado que cursa bacharelato procede en gran número do CPI "Camiño de Santiago" do Pino e do CPI "Fonte-Díaz" de Touro. En canto ás estatísticas do tipo de estudos: o 58% cursa estudos da familia Administrativa, o 27% cursa estudos da familia de Edificación e Obra Civil e o 14% restante Bacharelato.
- Debido á oferta educativa do IES As Fontiñas, o uso das TIC é fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe, aínda moito máis do que pode ser noutro centro calquera. Todo o alumnado dos ciclos da familia profesional de Edificación e Obra Civil debe acadar ao remate dos seus estudos as competencias en programas do tipo de Autocad, Microstation, etc. que son ferramentas básicas para o seu desempeño profesional. No que respecta aos ciclos da familia de Administración o alumnado debe manexar programas relativos a xestión contable, xestión fiscal, xestión de recursos humanos, operacións de compravenda, etc.

- *O centro participa desde hai tempo en Programas Europeos como o programa ERASMUS que permite a formación do alumnado que remata os ciclos en Centros de Traballo no estranxeiro. Tamén participa na rede de bibliotecas escolares e conta cunha aula de emprendemento desde o curso 2022-23.*
- *O Plan Dixital de Centro pretende servir de orientación a toda a comunidade educativa cara a integración das TIC no proceso de educación do alumnado e no resto de procesos de xestión do centro, o que pon de manifesto a súa enorme importancia. Por elo, queda integrado no Proxecto Educativo de Centro, no Proxecto de Dirección e na Programación Xeral Anual (PGA). Na presente revisión do Plan Dixital de Centro recóllense novos obxectivos ao mesmo tempo que se manteñen algúns do curso anterior e se consideran cumpridos outros que se estableceron en función do punto de partida e das posibilidades de desenvolvemento a curto e medio prazo.*

1.3. Breve xustificación do mesmo

A referencia fundamental para que os centros desenrolen o seu potencial dixital a través dun Plan Dixital é o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), desenvolvido polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea.

En liña con isto, na comunidade galega estableceuse que no pasado curso todos os centros de ensino galegos tivesen elaborado o seu plan dixital de centro. A continuación móstrase resumida unha relación do contexto normativo que serviu de referencia para a elaboración do noso Plan Dixital de Centro:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A comenzos do curso 2021-2022 creouse no centro o equipo de dinamización do plan dixital, quedando composto este por tres persoas: O director: Sumay Rey, José Antonio; o profesor López Paris, Marcos e o profesor García Carballo, Xoán que foi nomeado tamén coordinador TIC do centro. No proceso seguinte asignóúsenos a "mentora ADIX", Angela M^a Novo Platas, que sería a nosa titora para todo o relacionado coa elaboración do plan dixital.

Logo a consellería creou o curso <https://www.edu.xunta.gal/centros/plandixital/aulavirtual> que foi a referencia para ir realizando todos os procesos previos requeridos para a elaboración desta primeira versión do plan dixital (cuestionario SELFIE, cuestionario CDD, realización do DAFO, establecemento de obxectivos, ...). Ademais, tamén se creou na aula virtual do CAFI un curso de formación para os membros do equipo de dinamización do plan dixital de centro onde quedaron reflectidos todos os procedementos anteriores e as reunións de traballo mantidas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A **infraestrutura** de rede do IES AS FONTIÑAS está composta por:

- Un Servidor físico marca DELL PowerEdge R440 virtualizado con vmware ESXi: Servidores virtuais: servidor de dominio, servidor de Antivirus, Servidor de Impresión, Servidor Firewall.
- Dúas unidades NAS, nas que se apoia o servidor, e que se ocupan das copias de seguridade e máis de albergar os cartafóis de rede.
- Cableado de rede, Conmutadores, Router e Routers sen fíos.
- Unha centraliña VoIP de Telefónica, A rede de telefonía fíxose separadamente da rede de datos: co seu propio cableado e tomas.

A rede do IES AS FONTIÑAS está soportada por cableado UTP categoría 6, instalado segundo a normativa de cableado estruturado. A sala de equipos atópase no nivel baixo e 1ª planta, e nela podemos atopar:

No nivel Baixo:

- O armario principal. Neste armario atópanse 4 conmutadores, dous servidores e unha unidade NAS.

Na 1ª Planta:

- 3 armarios, no primeiro hai un router de acceso a internet por fibra óptica da Xunta de Galicia, un router sen fíos, o equipo de acceso de fibra óptica co acceso a internet externo e os paneis de parcheo.
- No 2º armario atópanse dous conmutadores e unha unidade NAS e os paneis de parcheo. Este armario tamén conta cun SAI na súa base.
- No 3º armario atópanse cinco conmutadores e os paneis de parcheo.

En cada aula hai un armario de parede con un switch para dar conectividade a todos os Pcs da aula.

Ademais do equipamento mencionado, cabe salientar:

- A rede segue una topoloxía en arbore-estrela, con esquema de direccionamento IP estático 172.xx.xx.xx/24.
- Cobertura sen fíos. Ao longo do edificio están instalados 10 routers sen fíos, conectados ao primeiro armario do primeiro andar. Garanten a cobertura Wifi en todas as instalacións.
- Impresoras de rede. Ao longo do edificio hai dispoñibles 7 impresoras, accesibles dende a rede interna.

Relátase a continuación o **equipamento** do que dispón o centro e os espazos onde está situado. Todos ós equipos teñen acceso a Internet.

Tarefas de administración e xestión do centro:

- Un ordenador por cada membro do equipo directivo.
- Un ordenador por cada membro do equipo de administración.
- Un ordenador en cada departamento (como mínimo).
- Sala de profesores con 4 ordenadores e impresora.
- Fondo de ordenadores portátiles a disposición de profesorado e alumnado.

Espazos comúns do centro:

O IES AS FONTIÑAS conta coas seguintes instalacións:

- 14 aulas con capacidade para 35 alumnas e alumnos; todas contan con ordenador para o profesorado e canón de vídeo e 4 dispoñen de encerado dixital
- 8 aulas con capacidade para 18 alumnas e alumnos que tamén dispoñen dun ordenador para o profesorado
- 7 aulas de informática con capacidade para 30 alumnas e alumnos
- 1 aula de informática con capacidade para 35 alumnas e alumnos
- 1 aula de informática con capacidade para 12 alumnas e alumnos
- 1 aula de informática con capacidade para 13 alumnas e alumnos
- 1 aula de informática con capacidade para 15 alumnas e alumnos
- 1 aula de idiomas informatizada, con capacidade para 30 alumnas e alumnos; conta con encerado dixital
- 1 aula de debuxo con PC para o profesorado para 20 alumnas e alumnos
- 1 aula de materiais da Familia de Edificación e obra civil: taquímetros, estación total
- 3 laboratorios con 3 ordenadores, un deles con encerado dixital
- 1 aula de audiovisuais, con ordenador, proxector de diapositivas, lector de CD, vídeo e encerado dixital
- Sala de conferencias, con capacidade para 180 persoas, e que conta con cadea musical, vídeo, proxector LCD, ordenador con conexión a internet, ...
- 1 biblioteca con capacidade para 54 alumnas e alumnos e 12 postos con ordenadores con acceso a internet
- 1 sala de titorías cun ordenador
- 1 sala para reunións e uso do Departamento de dinamización da lingua galega cun ordenador
- 1 sala para do Departamento de orientación con 2 ordenadores
- 2 salas de lectura/estudo para o alumnado
- Despachos para o equipo directivo e secretaría
- Conserxería cun ordenador

Nas aulas específicas das familias profesionais de Edificación e Obra Civil e de Administración existen impresoras, asemade toda a comunidade educativa pode realizar impresións na conserxería do centro. Todas as dependencias do centro dispoñen de conexión wifi, o que permite que toda a comunidade educativa

manexe as Tecnoloxías da Información e Comunicación en calquera momento e lugar do instituto.

Relación de servizos dixitais educativos:

Dentro dos servizos corporativos o centro conta con páxina web baseada en Druppal, aula virtual baseada en Moodle, espazo Abalar e Abalarmóbil. Ademais o centro conta con unha licenza educativa de Microsoft que permite ao alumnado e profesorado dispoñer legalmente das ferramentas ofimáticas de escritorio nos PCs e tamén de xeito online a través de office365. Entre estas inclúese a ferramenta TEAMS que é amplamente utilizada entre o profesorado para comunicarse e que facilita moito a xestión docente.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

Corre a cargo dunha persoa técnica dunha empresa de Santiago coa que o centro ten contratado o servizo. Esta persoa acude ao centro tres días alternos ao longo da semana e encárgase do mantemento, tanto de hardware como de software e tamén de solucionar todos os tipos de incidencias que poidan xurdir. A comunidade educativa do centro ten acceso a un formulario a través da páxina web para comunicar as posibles incidencias ou requerimentos que poidan xurdir.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Na seguinte táboa recóllese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa que se imparte no centro. Móstrase a media das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das 8 áreas:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Bacharelato	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4,6	3,8
	Profesorado	3,8	3,8
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1	3,7
	Profesorado	3,4	3,4
	Alumnado	2,6	3
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,4	4,1
	Profesorado	4	3,9
	Alumnado	3,1	3,3
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	4,1
	Profesorado	3,8	3,9
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	3,4
	Profesorado	4,1	4,1
	Alumnado	4	4
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,7	3,2
	Profesorado	3,8	3,7
	Alumnado	2,9	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,7	3,3
	Profesorado	3,3	3,7
	Alumnado	2,5	3,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6	3,4
	Profesorado	3,3	3,7
	Alumnado	2,7	3,4

Test CDD: Relación de táboas con información significativa recollida do test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>11</u>	<u>39</u>	<u>28,2%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>6</u>	<u>16,7%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>5</u>	<u>20%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>7</u>	<u>28,6%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
BAC	88,6	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)
F.P	91,6	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	6,7%
A2	4	26,7%
B1	5	33,3%
B2	2	13,3%
C1	3	20%
TOTAL	15	100%

Outras fontes: Información propia da que dispoñía o equipo de coordinación TIC ou que foi recollida directamente polo coordinador TIC a partir das súas propias observacións e de conversas co profesorado fundamentalmente.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, do TCDD e, como comentamos, de outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA S- EQUIPAMENTO	Boa infraestrutura, equipamento, conectividade e espazos. Conta con servidor propio e sistemas de protección de datos.	Algúns equipamentos (de aulas de bacharelato sobre todo) comencan a estar obsoletos. Faise necesario un reemplazo.
	PERSONAL DOCENTE	Plantilla estable: A maioría do persoal docente ten praza definitiva no centro, o que permite desenvolver plans de mellora e actuacións TIC a longo prazo. A maioría mostra interese por ser máis competente coas TIC	Competencia TIC insuficiente por parte do profesorado. A nivel de docencia moito profesorado ten reparo en cambiarse a novas metodoloxías se non as domina ou non se sente seguro. O profesorado non dispón de tempo para formarse.
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		Alumnado de ensino postobligatorio que se incorpora a 1º de BACH, ou a ciclos polo que é máis complicado levar a cabo proxectos interdisciplinares ou traballos por proxectos tal como se podería facer na ESO. En xeral baixa competencia TIC entre alumnado.
	FAMILIAS		Non existe espazo para as familias na páxina web!! Tampouco para ANPA. As familias e o alumnado non atopan toda a información que desexarían na páxina web!
	OFERTA	Os estudos que oferta o centro favorecen un crecemento na competencia e capacitación TIC. Tamén oferta formación interna e apoio ao profesorado	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Equipo directivo implicado. Ampla experiencia en organización debido as ensinanzas que oferta o centro. Traballo con software legal (con licenza ou libre) Existencia de protocolos de xestión, mantemento e actualización.	A dispoñibilidade do persoal informático só tres días a semana pode restar eficacia na resolución de algúns tipos de incidencias.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Ampla oferta de formación. Fornecemento de plataformas e aplicacións informáticas libres	Tardanza en actualizar as versións das plataformas de xestión de contido e de aprendizaxe (Drupal e aula virtual) ou de outras plataformas ou aplicacións que suministra. Que o soporte e axuda técnica sexa insuficiente.
	LEXISLACIÓN		Lexislación educativa cambiante que pode implicar refacer e replantear estratexias dixitais
	CONTORNA	Posibilidade de colaboración con outras institucións ou organismos como Meteogalicia que ten a súa sede xunto ao instituto.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		Os contratos establecidos con empresas externas de software ou de outro tipo poden cambiar as políticas ou condicións de licencia

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO e despois dunha posta en común establecéronse as áreas de mellora prioritarias nas que se debía traballar e determináronse os obxectivos que se consideraba que poderían ser alcanzables e axustables a un marco temporal.

Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa emprégase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade de novas pizarras dixitais multimedia para o emprego na docencia que non empregan proxectores. Estas pizarras xa están mercadas pola consellería a través de AMTEGA pero sen distribuir nos centros.

Necesidade de que se actualice con urxencia a versión do CMS Drupal a unha versión máis recente que permita máis autonomía na xestión da páxina web do centro e tamén mellor accesibilidade desde outros dispositivos dixitais tales como móbiles, etc.

TÁBOA OBXECTIVOS PLAN TIC

Área/s de mellora: Liderado(A)						
OBXECTIVO 1:		Promover que cada departamento sexa responsable de ter actualizada a información que aparece na páxina web dentro do seu departamento (relación de profesorado do departamento, programación didáctica, publicación e difusión de actividades levadas a cabo polo departamento, etc). Mellorar a estrutura e información da páxina web				
Responsable:		Equipo directivo, coordinación TIC e departamentos				
INDICADOR DO OBXECTIVO:		Porcentaxe de departamentos que teñen actualizada a súa información (consulta directa)				
Valor de partida:		50% (9 de 18 departamentos)				
Valor previsto e data:		90%- 100%		20/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Revisar e actualizar roles e contas de usuarios/as de departamentos xunto cos permisos pertinentes	Coordinador TIC	1/10/2023	Ordenador + conexión a internet		realizada	
AO1.2: Asesorar e axudar ao profesorado sobre a edición e xestión en DRUPAL	Coordinación TIC	Todo o curso	Ordenador + conexión a internet Grupo en TEAMS específico para o profesorado como soporte para este fin		comenzada	
AO1.3: Revisar e rediseñar, de ser o caso, a estrutura da páxina	Dirección Coordinación TIC	Todo o curso			comenzada	

(*A2: Desenvolvemento da estratexia coprocesado)

Área/as de mellora: PEDAGOXÍA:IMPLEMENTACIÓN NA AULA(E). PRÁCTICAS DE AVALIACION(G)						
OBXECTIVO 2:	Promover que o profesorado empregue na docencia da súa materia tarefas individuais ou colaborativas, a realizar polo alumnado e que inclúan a entrega dun produto que sexa avaliado na propia AV ou TEAMS.					
Responsable:	Xefatura de estudos					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de cursos na Aula Virtual e en TEAMS donde se propoñen actividades (tarefas) para ser avaliadas e se implementan foros para expoñer e comentar o traballo do alumnado (Instrumentos: CCP, cuestionario ou memorias departamentos)					
Valor de partida:	20% dos cursos da aula virtual					
Valor previsto e data:	85-90% dos cursos da aula virtual			20/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Formar ao profesorado no uso dos recursos dispoñibles para que o alumnado realice tarefas empregando as TIC e como avalialas e comentalas empregando entornos virtuais	Persoa coordinadora das TIC	20/06/2024	Cursos de cada materia na AV ou TEAMS Curso na aula virtual para profesorado con un foro permanente onde colaborar e compartir experiencias		comenzada	
AO1.2: Formar ao alumnado no uso das ferramentas TIC coas que se traballará ao longo do curso e no uso dos foros.	Profesorado das diferentes materias	Durante todo o curso	Cursos de cada materia na AV ou TEAMS		comenzada	

(*G7:Comentariosaoutrosalumnossobreoseutrabalo)

Área/as de mellora: PEDAGOXÍA:IMPLEMENTACIÓN NA AULA(E). PRÁCTICAS DE AVALIACION(G)						
OBXECTIVO 3:	Promover a formación en ferramentas dixitais que faciliten a labor do profesorado na nova oferta de Fp a Distancia no réxime de persoas adultas.					
Responsable:	Equipo directivo e coordinación TIC					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	A maioría do profesorado que imparte na nova FP a distancia do réxime de persoas adultas emprega ferramentas dixitais axeitadas a este modo de ensino.					
Valor de partida:	20% do profesorado que imparte FP a distancia					
Valor previsto e data:	85-90% do profesorado que imparte FP a distancia			20/06/2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Promover a formación do profesorado en ferramentas dixitais para o ensino a distancia no marco dun PFPP	Dirección + Coordinación PFPP	01/06/2024	Os propios que se determinen no PFPP		comenzada	
AO1.2: Instalación de hardware nas aulas nas que se vai impartir FP Distancia que permita a impartición de aulas semipresenciais e/ou distancia.	Dirección	Durante todo o curso	Dispositivos e software relacionado con edición multimedia		comenzada	

4. Avaliación do plan

4.1 Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución das accións, e polo tanto, dos obxectivos establecidos nas táboas anteriores levarase a cabo por medio da avaliación de seguimento e mediante unha avaliación final:

- No contexto da **avaliación de seguimento** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. As CCPs serán o principal instrumento para a avaliación de seguimento pero tamén, a información e impresións recabadas polo equipo de dinamización do plan dixital e, máis en concreto, pola coordinación TIC.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Un dos principais instrumentos para a avaliación final constituiranno as memorias de cada departamento xunto cos informes pertinentes de dirección, xefatura de estudos e coordinación TIC. Tamén se poderán ter en conta, de ser o caso, opinións reflectidas por medio do alumnado ou xuntas de delegados ou a partir de enquisas de satisfacción realizadas a final de curso a alumnado, familias, persoal do centro, etc

4.2 Plan de mellora

- *Unha vez analizadas as conclusións obtidas no proceso de avaliación anterior é probable que se determine que non se está cumprindo cos obxectivos ou con algúns dos obxectivos establecidos no apartado 3 polo que se deberán de adoptar estratexias e accións de mellora de cara ao seguinte curso. As liñas de mellora para próximas revisións irán orientadas a realizar as adaptacións necesarias para que non se produzan desaxustes entre as distintas fases de implantación do plan*

5. Difusión do plan

O plan TIC de centro deberá ser aprobado polo consello escolar logo de oído o claustro e despois procederase a publicitalo e difundilo entre toda a comunidade educativa. En canto a maneira ou protocolo elixido para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa considérase que o máis axeitado para que o consulte o profesorado será a publicación na intranet do centro e no Sharepoint de TEAMS, e facelo público tamén na páxina web para o resto da comunidade educativa.

Santiago, 13 de Outubro de 2023